

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 590 - Profesores de ensino secundario
Especialidade: 007 - Física e química
Tribunal: 1

CRITERIOS DE AVALIACIÓN 1ª e 2ª PROBAS

DATA PUBLICACIÓN: [14/06/2021]

TRIBUNAIS DE FÍSICA E QUÍMICA Nº 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8

PRIMEIRA PROBA.

Parte A: exercicio práctico

Usar adecuadamente as leis, modelos e magnitudes propios da Física e da Química.

Empregar correctamente magnitudes e unidades.

Empregar un número de cifras significativas nos resultados acorde aos datos do problema.

Utilizar razoamentos axeitados para a resolución correcta dos problemas.

Mostrar con precisión a dedución das expresións pertinentes, cando proceda.

Realizar con exactitude os cálculos matemáticos que correspondan e xustificalos cientificamente no contexto do problema.

Empregar, cando proceda, esquemas e representacións gráficas que contribúan ao correcto desenvolvemento do problema.

Mostrar dominio no coñecemento dos conceptos, leis e procedementos implicados na resolución dos problemas.

Desenvolver ordenadamente o problema.

Mostrar claridade e coherencia no desenvolvemento dos exercicios.

Presentar con limpeza os exercicios.

Parte B: desenvolvemento dun tema

Desenvolver o tema coa maior profundidade e rigor científico.

Presentar e definir todos os contidos relevantes no desenvolvemento do tema.

Mostrar coherencia dos contidos e adecuada ordenación dos mesmos.

Dominar a linguaxe científica propia do tema.

Presentar con limpeza, orde, claridade e precisión o tema.

Mostrar bibliografía e referencias específicas do tema, con precisión, de ser estas pertinentes.

SEGUNDA PROBA

Parte A: programación didáctica

As programacións versaran sobre os currículos aprobados polas normas que se mencionan nas bases 13.4 e 14.4 da Orde do 24 de febreiro de 2020, pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional e ao corpo de mestres.

En particular deberá:

- * Contextualizar e xustificar respecto dos distintos compoñentes do currículo vixente.
- * Desenvolver apropiadamente os elementos do currículo.
- * Mostrar unha adecuada secuenciación de contidos.
- * Desenvolver unha metodoloxía didáctica idónea, incluída a gradación de actividades e o uso das tecnoloxías da información e comunicación.
- * Precisar as medidas de atención á diversidade.
- * Especificar os estándares de aprendizaxe avaliábeis concretando o grao mínimo de consecución e as medidas de recuperación.
- * Especificar os criterios de avaliación e detallar procedementos, criterios de cualificación e instrumentos de avaliación do alumnado variados e axeitados.
- * Incorporar o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

(A rúbrica está publicada no anexo XI da ORDE de 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres, e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia).

PARTE B: unidade didáctica

Contextualizar, xustificar, secuenciar e temporalizar adecuadamente respecto ao nivel educativo elixido.

Describir unha metodoloxía con actividades de ensino e aprendizaxe variadas, graduadas en dificultade, colaborativas e cooperativas, que contribúan ao logro dos obxectivos, así como ao desenvolvemento dos contidos.

Describir procedementos e instrumentos de avaliación, coherentes cos obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe e actividades, adaptados á diversidade do alumnado.

Describir criterios de cualificación e recuperación do alumnado.

Mostrar indicadores de logro para a avaliación da práctica docente.

Mostrar claridade na exposición.

Expoñer con autonomía e solvencia comunicativa, sen recorrer á lectura de documentos.

Empregar recursos adecuados e dominar as técnicas docentes.

(A rúbrica está publicada no anexo XI da ORDE de 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres, e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia).